

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF)

CEIP SAL LENCE

ÍNDICE

➤ Prólogo	3
➤ Dereitos e deberes do alumnado, pais e profesorado.	4
➤ Entradas	7
Madrugadores	7
Horario e normas nas entradas.	8
Entradas na secretaría, dirección, orientación, titorías e instalacións.	8
Faltas de puntualidade e asistencia. Absentismo.	9
➤ Saídas	
Normas de recollida, horarios , persoas autorizadas.	10
Saída do alumnado de 5º e 6º	10
Horarios de saída do comedor.	10
Puntualidade na recollida do alumnado.	11
Saídas das actividades de tarde lúdico-deportivas.	11
Saídas das actividades complementarias e extraescolares.	11
➤ Indisposicións. Accidentes.	
Seguros médicos	12
No caso de enfermidade	12
No caso de feridas e golpes.	13
No caso de indisposicións ou accidentes.	13

Obrigas das familias.	14
➤ Normas xerais do colexio.	15
Protocolos:	
No caso de necesidade de aseo persoal.	17
No caso de aniversarios ou celebracións.	17
No caso de enfermidade.	18
No caso de facer mal (estropear, romper...)	18
No caso de levar ao cole....	18
➤ Normas das aulas	19
➤ Normas da biblioteca	21
➤ Normas dos recreos.	23
Recreos nos días de choiva.	
Recreos nos días de temporal.	
➤ Normas nas aulas TICs	24
➤ conductas contrarias á convivencia	27
Medidas correctoras. procedimientto	29
➤ Accións das familias para contribuir ao plan de convivencia	31
➤ Lexislación.	32
<i>Enténdese que o que non estea especificado nestas normas, rexerá polo establecido na Organización do noso Centro.</i>	
➤ Normas de comedor (anexo ANPA)	

➤ PRÓLOGO

Estas normas tratan de conseguir un clima agradable e de respecto que permita ao alumnado

Aprender a:



Coidar de se mesmos, desenvolvendo hábitos saudables(alimentación, hixiene e prevención de riscos).



Coidar o noso entorno (Manter limpos e confortables a nosa aula, o noso patio,a nosa biblioteca...)

Coidar as relacións (mellorar o autocontrol, potenciar a resolución de conflitos evitando respostas agresivas ou pasivas,pensar e expresar os sentimentos).

Toda a comunidade educativa ten a obriga de defender os dereitos do alumnado que cumpre cos seus deberes.

➤ DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO, PAIS E PROFESORADO.





➤ ENTRADAS

-Madrugadores

Para os madrugares, programa xestionado pola ANPA do centro, as portas abrirán ás 07:30 h.

-Horario e normas das entradas.

- O centro abrirá as súas portas ás 08:55 h. No caso de inclemencias meteorolóxicas adversas, poderían abrirse antes co fin de evitar situacións de risco ás portas do colexio.
- Os acompañantes, incluídos os pais do alumnado de infantil, permanecerán fora da zona sinalada para filas do alumnado, incluso antes de que soe a sirena, responsabilizándose dos fillos/as ata a subida das escaleiras cara á aula.
- Os acompañantes non abandonarán o centro ata ver subir aos menores cara á aula.
- O profesorado de garda ocupará os postos que teña asignados minutos antes de que soe a sirena. Os dous primeiros situaranse no patio interior e o resto nas escaleiras.
- A sirena soará ás 09:00 h.

Unha vez soe a sirena:

- O alumnado da 2ª e 3ª planta subirá en ringleira polo lado dereito das escaleiras.
- O alumnado da 1ª planta subirá en ringleira polo lado esquerdo das escaleiras.
- Se por algunha circunstancia algún alumnado non sobe coa súa fila incorporase a subida do seu lado.
- Os acompañantes non poderán en ningún caso subir as escaleiras xunto co alumnado. Para subir á secretaría deberán agardar ata que finalice por completo a subida ás aulas.
- O alumnado terá unha marxe "excepcional" de entrada de 10 minutos. Unha vez transcurrido este período, pecharase a porta de acceso .
- Cando a porta de acceso estea pechada, os pais xustificarán a impuntualidade cun parte que se facilita na conserxería.

- Entradas na secretaría, dirección, orientación, titorías e instalacións.

- A Secretaría atenderá diariamente de 09:00 h a 09:50 h.
- O equipo directivo atenderá diariamente de 09:00 h a 09:50 h. e en outro horario previa cita.

- O equipo de Orientación previa cita en horario de mañán.
- As titorías coas familias están establecidas os luns de 16:00h a 17:00 h.
- Ningunha persoa allea ao persoal do centro entrará nas instalacións sen a debida autorización.
- Para uso das instalacións por outras entidades fóra do horario escolar, deberán presentar solicitude á Dirección, que previo informe favorable do Consello Escolar trasladarao ao Delegación para a súa autorización.

-Faltas de puntualidade e asistencia. Absentismo.

PUNTUALIDADE E ASISTENCIA

Todo neno/a en idade escolar ten dereito a educación, sendo os pais ou titores legais os responsables da asistencia dos seus fillos á escola.

- A asistencia do alumnado, incluído o alumnado de infantil, é obrigatoria.
- Pasados dez minutos da subida do alumnado ás aulas , pecharase a porta de entrada.
- Os acompañantes do alumnado que cheguen máis tarde, firmarán o parte correspondente facilitado na conserxería, explicando o motivo do atraso e entregarán , se o teñen , xustificante correspondente . Dito parte será para o titor/

- a.
- As faltas de asistencia de un ou varios días deberán ser xustificadas ao titor/a.
 - No caso de prever unha longa ausencia deberá avisar ao titor/a e cubrir un parte de xustificación .

ABSENTISMO

- Tanto as faltas de puntualidade como de asistencia serán introducidas polos titores na aplicación informática da Consellería de Educación.
- As faltas a clase de forma reiterada poden provocar a imposibilidade de aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación e da propia avaliación continua.
- O 10% de faltas sen xustificar debidamente levarán á **apertura dun Protocolo de Absentismo Escolar** que pasa á Inspección Educativa e á Unidade de Infancia e Familia do Concello.
- A reiterada falta de puntualidade á hora prevista de entrada ou recollida do alumnado será comunicada aos **Servicios Sociais**.

➤ SAÍDAS

-Normas de recollida, horarios , persoas autorizadas.

- O alumnado poderá ser recollido polos responsables legais a calquera hora , sempre asinando quen o leva.
- O alumnado de Educación Infantil sairá ás 13:50 h acompañado polo profesorado para ser entregado ás súas familias que deberán avisar antes de levar aos nenos.
- O alumnado de Educación Primaria sairá ás 14:00h acompañado polo profesor/a correspondente.
- As familias informarán por escrito aos titores das persoas encargadas de recoller aos seus fillos/as. Así como dos teléfonos de urxencia para poder recoller ao alumnado.

-Saída ao remate da xornada do alumnado de 5º e 6º de E. Primaria

- O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria poderán saír sos con autorización firmada podendo facerse cargo dos seus irmáns menores.

-Horarios de saída do comedor.

- O centro dispón de comedor escolar, xestionado pola ANPA. Podendo utilizarse de forma esporádica e poder recoller ao alumnado ás 15:00 h e a partir das 15:50 h.

- **-Puntualidade na recollida do alumnado.**
- O alumnado será recollido con puntualidade polos seus responsables legais.
- No caso de que de forma reincidente o alumnado non sexa recollido no horario previsto, sen que haxa unha urxencia que o xustifique o centro o poñerá en coñecemento dos organismos correspondentes .
- No caso de que ninguén veña a recollelo o menor permanecerá acompañado ata ser entregado aos corpos de seguridade.

-Saídas das actividades de tarde lúdico-deportivas.

- O centro dispón de actividades lúdicas-deportivas, xestionado pola ANPA, que cubren o horario ata as 18:00 h.

-Saídas das actividades complementarias e extraescolares.

- As saídas do centro para actividades complementarias ou extraescolares deben ser autorizadas polas familias asinando o impreso correspondente, que será entregado ao titor/a.
- O titor/a poderá deixar sen saída, se o considera oportuno, a algún alumno/a con incidencias reflexadas en xefatura de Estudos. Este alumnado quedará no centro con traballo e ao cargo dun profesor.

➤ **INDISPOSICIÓNS. ACCIDENTES.**

-Seguros médicos.

- O centro no horario lectivo non ten seguro escolar. O alumnado usará o seu seguro médico.
- As actividades xestionadas pola ANPA. teñen seguro médico.

-No caso de enfermidade.

- O alumnado non poderá asistir ao centro cando padezca un proceso infeccioso ou con piollos.
- O alumnado que presente unha patoloxía crónica e pode desenvolver en calquera momento unha crise, avisará ao seu titor e ao centro para integrarse no programa de Alerta Escolar .Este programa posibilitará ao profesorado cobertura de persoal médico que conte con coñecementos dos nenos e nenas con esta problemática.
- No caso de problemas de mobilidade nos desprazamentos polo recinto escolar, contarase coa axuda da coidadora.
- O profesorado non administrará ningún medicamento ao alumnado agás os contemplados no programa de Alerta Escolar.

-No caso de feridas e golpes

- No caso de feridas leves, lavarase a ferida pero non se utilizarán desinfectantes aos que o alumnado poda ser alérxico.
- No caso de pequenos golpes sen gravidade, non se avisará á familia.

-No caso de indisposicións ou accidentes

- No caso de indisposición ou accidente do alumnado, o profesor que estea ao seu cargo o poñerá en coñecemento a través do interfono para que sexa avisada a familia e o pasen a recoller.
- No caso de accidente no patio, o alumnado será atendido polo profesor de garda que se decate de tal circunstancia que seguirá o procedemento sinalado.
- No caso de sospeitar gravidade avisarase a emerxencias e á familia.
- No caso de golpes na cabeza, o profesorado que se decate de tal circunstancia avisará para observar si hai vómitos, mareos, sono, pupilas dilatadas... de ser o caso avisarase aos servizos de urxencias e á familia.

-Obrigas das familias

- As familias teñen a obriga de facilitar ao centro números de teléfono para ser localizados no caso de urxencia.
- As familias teñen a obriga de comunicar os cambios de números de teléfono e domicilio.
- As familias deben informar ao titor e na secretaría dos problemas médicos que afecten ao alumno e que o colexio deba coñecer.
- As familias teñen a obriga de acudir ao centro, cando sexan avisadas por unha incidencia grave e sexa requirida a súa presenza. Despois de trinta minutos, o centro actuará seguindo o procedemento establecido.

NORMAS XERAIS DO COLEXIO.

Para lograr a máxima eficacia da acción educativa do Centro espérase de todos os seguintes **comportamentos**:

- Tratar aos seus compañeiros/as, profesores e persoas responsables das actividades do centro con respecto e educación.
- Axuda e aprecio mutuo entre compañeiros/as.

- Participación activa nos quefaceres comúns.
- Relacións de confianza entre o profesorado e alumnado.
- Puntualidade e constancia na asistencia a clase.
- Colaboración na conservación do material escolar, instalacións e limpeza das aulas.
- Coidado do aspecto corporal e linguaxe apropiada.
- Evitar as actividades que leven consigo riscos propios ou alleos.
- Coñecer, comprender e respectar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
- **Vestimenta**
- Os días de Edu. Física virán con roupa e calzado deportivo (" de suela branca" para non marcar o parqué)
- En Infantil :
O calzado en Infantil debe ser con "velcro" para evitar caídas.
A roupa e as mochilas virán marcadas co nome para evitar perdas.
- Dende o Anpa se xestiona o chándal e uniforme do centro para aqueles que o desexan, podendo elixir entre faldra ou pantalón .
- "A vestimenta non pode atentarse contra a dignidade do

alumnado, e non pode supoñer unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde e integridade persoal e a dos demais membros da comunidade educativa ou non impida ou dificulte a normal participación do alumnado nas actividades docentes”.

- Enténdese que o que non estea especificado nestas normas, rexerase polo establecido na Organización do noso Centro.

-Protocolos :

-No caso de necesidade de aseo persoal

O alumnado matriculado en Infantil 3 anos ,terá que ter adquirido o control de esfínteres ao comezo do curso.

- No caso de necesidade de aseo persoal (caca, pis, vómito, sangue ou calquera produto que molle ou manche a súa roupa e corpo) a persoa titora ou profesorado que se decate informará en conserxería e chamarase a familia para solicitarlle que acuda a cambialo e manter a limpeza e aseo do alumnado.
- No caso de non dar contactado coa familia chamarase aos teléfonos de urxencia facilitados.
- No caso de que a familia se negue a acudir sen que haxa claramente unha motivación que o xustifique, seguirase o

protocolo (-Notificación por escrito con acuse de recibo de que a familia está facendo deixamento das súas responsabilidades, polo que o centro queda obrigado a tomar as medidas oportunas.- No caso de reincidencia nesa situación a dirección do centro remitirá a documentación sobre a situación orixinada aos organismos correspondentes, e aplicarase o procedemento de medidas correctoras.

- No caso de non asistencia da familia, o centro resolverá a situación da maneira máis axeitada, evitando a situación de risco e desamparo que se produciría.(Lei 4/2011, de 30 de xuño, artigos 39 e 49 entre outros).

-No caso de aniversarios ou celebracións.

- Nos aniversarios e celebracións do alumnado, non se reparten invitacións de cumpleaños, nin comestibles para a celebración dos mesmos.

- No caso de enfermidade

- Non acudir ao centro con procesos infecciosos ou con parásitos (piollos).

Consultar o apartado **INDISPOSICIÓN. ACCIDENTES.**

-No caso de facer mal (estropear, romper...)

- Facer un bo uso de papeleiras, da auga e dos baños para manter a hixiene e limpeza no centro: aulas, corredores, patios...
- Calquera dano que se produza no centro ou no seu mobiliario por un mal uso, deberá ser reparado polos representantes legais do alumnado, responsables civís nos termos previstos na lei.

Consultar o apartado: **CONDUTAS CONTRARIAS A CONVIVENCIA**

MEDIDAS CORRECTORAS. PROCEDIMIENTO

-No caso de levar ao cole....

- Non traer ao centro teléfonos móbiles ou aparellos electrónicos de calquera tipo. Se alguén o trae deberá depositalo en Conserxería e seralle devolto no momento da saída. Excepcionalmente, os titores poderán permitir o seu uso para a realización de traballos escolares.
- Non traer xoguetes, xoias nin obxectos de valor que poidan perderse ou romper. O centro non se fará cargo .

-NORMAS DAS AULAS

- O alumnado xunto cos seus profesores acordaran as súas normas.
- A modo de exemplo

PARA TODO: ...por favor, grazas, perdoa ou desculpa...

1. AO ENTRAR:

O QUE SI TEÑO QUE FACER	O QUE NON TEÑO QUE FACER
Sentarme e sacar a miña libreta, libro e material	-Estar de pé, falar cos meus compañeiros/as
	-Deixar as cousas dentro da mochila

2. AO COMENZAR A CLASE: O profesor ou profesora está no seu sitio (IMPORTANTE)

O QUE SI TEÑO QUE FACER	O QUE NON TEÑO QUE FACER
-Estar calado ou calado	
-Responder se o profesor/a me pregunta	- Falar sen permiso

3. DURANTE A CLASE: O profesor ou profesora empeza a explicar ou pide que se empece a traballar.

O QUE SI TEÑO QUE FACER	O QUE NON TEÑO QUE FACER
PEDIR PERMISO PARA:	
- Falar	- Levantarme sen permiso
- Levantarme	- Falar cos compañeiros/as
- Tirar algo á papelleira	- Falar sen levantar a man.
- Ir ao servizo	- Negarme a traballar
	- Berrar
TRABALLAR:	- Cantar
- Copiar	- Facer ruidos
- Facer os exercicios	- Contestar mal ao profesor/a
- Responder ás preguntas	- Insultar aos meus compañeiros/as, tratarlos mal ou usar motes.
	- Usar o móbil
CO PROFESORADO:	- Comer, mascar goma de mascar.
- Responderlle cando mo pida	- Tirar papeis ou obxectos ao chan.
	- Rir se non é a situación.
- Calar cando mo pida	- Crear un mal ambiente na clase en xeral con outros compañeiros

4. FINALIZA A CLASE:

O QUE SI TEÑO QUE FACER	O QUE NON TEÑO QUE FACER
-Recoller o material antes de que empece a seguinte.	-Saír ao corredor se non teño que cambiar de clase.
-Quedar na clase se teño outra despois	-Ir ao servizo
-Ir á aula que me toque se teño que cambiar, cando mo indique o profesor/a	-Molestar a outros compañeiros/as
-Aproveitar para falar cos meus compañeiros/as	-Saír correndo
-Levar o material á casa	-Deixar as miñas cousas na clase a última hora e o material desordenado polo chan

5. CAMBIOS DE CLASE

O QUE SI TEÑO QUE FACER	O QUE NON TEÑO QUE FACER
- Esperar ao profesor sen alborotar	- Escribir no encerado
- Preparar o material da seguinte clase e gardar o da anterior	- Non comer nin beber na clase
- Ter sempre a porta aberta	- No saír ao servizo
	- Non abandonar a aula, nin estar na porta
	- Non estar sentado na mesa nin cadeira do profesor
	- Non me asomar polas ventás
	- Esperar a que o profesor veña para ir a outra aula de desdobre
	- No tirar xices nin papeis
	- Non acender lume
	- Non sentarme no radiador
	- Non tirar obxectos

- NORMAS DA BIBLIOTECA

A nosa biblioteca está xestionada polo alumnado de 5º EP e 6º EP, xunto ao equipo de profesorado de biblioteca.

Entre as distintas actividades (mochila viaxeira, conta contos, apadriña un lector, visita de autores...está o empréstimo de libros.

HORARIO PARA EMPRÉSTITO: 11:30h a 12:00h poderán levar e devolver libros respectando as seguintes quendas:

- Luns: 1º EP
- Martes: 2º EP
- Mércores: 3º EP
- Xoves: 4º EP
- Venres: 5ºEP e 6ªEP

No caso do alumnado de E. Infantil, serán os/as titores/as os encargados de facer os préstamos dos libros.

O PRÉSTAMO:

O préstamo poderase facer dun exemplar como máximo, durante un período dunha semana, renovable. Se non se fai entrega no tempo establecido, non poderá facer uso do servizo ata que non entregue o libro.

Quedan excluídos do préstamo as obras de referencia, as enciclopedias, dicionarios ou exemplares de carácter único e de difícil reposición.

Cando o libro prestado se devolva en mal estado (pintado, rachado, con evidencias de mal uso,...), deberá repoñerse por outro igual ou similar.

NORMAS DE USO:

- Estaremos en silencio
- Coidaremos os libros
- Cando se devolvan os libros, depositalos na mesa de devolucións, incluso cando collemos un libro para ollalo, deixáremolo tamén na mesa de devolucións.
- Se che gustou moito un libro, recoméndallo aos amigos/as ou compañeiros/as

- NORMAS DOS RECREOS.

- Durante o tempo de recreo ningún alumno/a permanecerá nas aulas se non están acompañados dun profesor.
- Utilizarán os servicios da primeira planta os máis pequenos e os da pista os maiores.
- Para o uso da pista polideportiva farase unha adxudicación por días e cursos que debe ser respectada.
- Fora da pista está prohibido o uso do balón.
- Fora da pista, hai zonas delimitadas para o xogo en función das idades do alumnado.

-Recreos nos días de choiva.

- Os días de choiva o alumnado de Infantil xogará no patio interior.
- Os días de choiva o alumnado de Primaria xogará na pista polideportiva onde queda suspendido o xogo de balón.

-Recreos nos días de temporal.

- Os días de temporal haberá dous turnos de recreo no patio interior.

.(No primeiro turno baixa o alumnado da 1ª planta mentres o resto fai o Plan Lector, no segundo turno baixa o alumnado da 2º e 3ª planta mentres os outros fan o Plan Lector).

- Queda suspendido o xogo de balón.

NORMAS AULAS TICS

- Emprega os teus auriculares (de botón).
- Se non tes auriculares, baixa o volume do ordenador.
- Entra únicamente nas páxinas web que te indique o profesorado.
- Non arrastres as cadeiras nin subas ás mesas centrais.
- Non te abanes na cadeira.
- Non corras nin berres na aula, respecta aos compañeiros/as.
- Coida ben do material: non tires dos cables nin xogues cos teclados.
- Non cambies o fondo do teclado nin descargues arquivos na pantalla.
- Non andes na fotocopiadora nin no portátil do profesor/a.
- Non borres o que está escrito na pantalla.
- Apaga o ordenador correctamente cando cho indique o mestre/a.
- Ao rematar deixa a aula ordenada..
- A utilización dos equipos ABALAR está regulada polas normas que figuran en ditas aulas.

- CONDUCTAS CONTRARIAS A CONVIVENCIA

1-CONDUCTAS **GRAVES** PREXUDICIAIS PARA CONVIVENCIA:

- Agresión física a un membro da comunidade educativa.
- Inxurias e ofensa contra un membro da comunidade educativa.
- Acoso escolar entendido como malos tratos psicolóxicos, verbal ou físico a un membro da comunidade educativa.
- Actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade, ou incitación a elas.
- Vexacións ou humillacións contra un membro da comunidade educativa.
- Ameazas ou coaccións a un membro da comunidade educativa.
- Suplantación da personalidade, e falsificación ou sustracción de documentos.
- Deterioro grave da instalación ou documentación do Centro, ou pertenzas dun membro da comunidade educativa.
- Reiteración nun mesmo curso de condutas contrarias ás normas de convivencia.
- Impedir o normal desenvolvemento das actividades do Centro.
- Incumprimento das correccións impostas.

2. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA:

- Perturbación do normal desenvolvemento das actividades da clase.
- Impedir ou dificultar o estudo aos seus compañeiros.
- Actuacións incorrectas cara algún membro da comunidade educativa.
- Danos en instalacións ou documentos do Centro ou en pertenza dun membro da comunidade educativa.
- A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- Non participar e poñer en cuestión as actividades da aula orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo.
- Rexeitar seguir na aula as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe.
- Actos de desafío a autoridade do profesorado e ao persoal non docente que non supoña unha indisciplina grave.
- Faltas inxustificadas de puntualidade.
- Faltas inxustificadas de asistencia á clase.

MEDIDAS CORRECTORAS.

➤ MEDIDAS CORRECTORAS:

1.-Do profesorado:

- Amoestación do profesorado.
- Amoestación do profesorado titor.
- Chamada telefónica aos responsables do menor .
- Entrevista co profesorado titor.
- Realización de traballos específicos dentro ou fora do horario lectivo.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias e extraescolares do centro.
- Cambio de grupo por un período de unhas sesións no mesmo día.
- Comparecencia ante a Xefatura de Estudos.

2.- Da Comisión de Convivencia:

- No caso de 3 partes de incidencias por falta leve ou 1 parte de incidencia por falta grave, notificarase por escrito á familia a suspensión de asistencia ao Centro por un período

de tres días lectivos, asignándolle traballo ao alumno para ditos días. Tendo dous días despois da comunicación á familia para que presenten por escrito a revisión da medida.

- Nos casos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia seguirase o procedemento de expediente regulado no artigo 25 da Lei 4/2011, que implica a comunicación de todo o proceso de instrución á familia e á Inspección Educativa.

PROCEDEMENTO

Tódolos membros do colectivo: profesorado, persoal non docente e alumnado, teñen competencias para intervir na resolución de conflitos.

Non obstante, terá prioridade a actuación do profesorado.

➤ PROCEDEMENTO:

- Despois da aplicación de varias medidas correctoras por parte do profesorado sen éxito, procédese a comunicación da conduta disruptiva á Xefatura de Estudos.
- No caso de 1 parte de incidencias por falta leve, será

informada a familia para obter a súa colaboración.

- No caso de 3 partes de incidencias por falta leve ou 1 parte de incidencia por falta grave, notificarase por escrito á familia a suspensión de asistencia ao Centro por un período de tres días lectivos, asignándolle traballo ao alumno para ditos días. Tendo dous días despois da comunicación á familia para que presenten por escrito a revisión da medida.
- Nos casos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia seguirase o procedemento de expediente regulado no artigo 25 da Lei 4/2011, que implica a comunicación de todo o proceso de instrución á familia e á Inspección Educativa.

- **PRESCRICIÓN**

- As faltas leves prescriben aos 30 días lectivos.
- As faltas graves prescriben aos 120 días lectivos.
- O prazo de prescripción comezará a contarse desde o inicio da conduta , salvo cando se trate dunha conduta continuada, neste caso o prazo de prescripción non empezará a computarse mentres a mesma non cese.

ACCIÓNS DAS FAMILIAS PARA CONTRIBUÍR AO PLAN DE CONVIVENCIA

- Dar modelos positivos e intentar resolver os conflitos sen aceptar a violencia.
- Exercicio da autoridade que lles corresponde no proceso de educación e formación dos seus fillos/as.
- Cooperación co centro en casos de indisciplina, agresividade ,etc.
- Colaboración co centro no proceso de ensino aprendizaxe e de integración escolar..
- Non desautorizar ao profesorado diante dos fillos/as.
- Fomentar nos seus fillos/as a construción de valores como o esforzo persoal, a constancia, a autonomía, o respecto cara aos demais.
- Coidar o crecemento emocional, ensinándolles a poñerse no lugar do outro.
- Impedir que os fillos/as. accedan a contidos da tv, videoxogos ...inadecuados á súa idade, ofrecéndolles alternativas.
- Supervisar que traigan roupa axeitada para calquera actividade do centro.
- Evitar a sobreprotección dos seus fillos/as

LEXISLACIÓN.

LEXISLACIÓN CONSULTADA:

- Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Real Decreto 732/1995 d 5 de maio polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia nos centros.
- Decreto 374/1996, polo que se establece o Regulamento Orgánico das escolas de Edu. Infantil e Primaria.
- Orde de 22 de xullo de 1997 que desenvolve o Decreto 374
- Decreto 85/2007 de 12 de abril polo que se crea e regula o Observatorio Galego de Convivencia Escolar.
- Lei Orgánica de Educación 2/2006 de 3 de maio.

Enténdese que o que non estea especificado nestas normas, rexeráse polo establecido na Organización do noso Centro.